

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS
PARA A CONTRATACIÓN POR
PROCEDIMENTO ABERTO E
TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO,
POR PREZOS UNITARIOS DE ALUGUER
DE DIVERSA MAQUINARIA,
MANTEMENTO E PEQUENAS
REPARACIÓNS.**



ÍNDICE.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

2.- ÁMBITO TERRITORIAL.

3.- OBXECTIVOS DO CONTRATO.

4.- PRESTACIÓNS QUE COMPRENDE O CONTRATO.

5.- OFERTAS.

6.- DURACIÓN, E PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

7.- MEDIOS PERSOAIS E TÉCNICOS.

7.1.- Persoal.

7.2.- Medios técnicos.

8.- FORMA DE PAGAMENTO.

9.- PENALIDADES POR EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA

9.1.- Obrigas do adxudicatario.

9.2.- Incumprimentos leves.

9.3.- Sancións por incumprimentos leves.

9.4.- Incumprimentos graves.

9.5.- Sancións por incumprimentos graves.

9.6.- Incumprimentos moi graves.

9.7.- Sancións por incumprimentos moi graves.

10.- ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DO SERVIZO.

11.- TÉCNICO REPRESENTANTE DO CONTRATISTA.

12.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

13.- EQUIPOS E PERSOAL.

14.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.



1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente contrato ten por obxecto a prestación de diversos servizos, pequenas reparacións, e aluguer de diversa maquinaria con condutor.

A definición das prestacións especifícanse na cláusula 4 deste prego.

O presente Prego de condicións deberá entenderse como un documento de condicións mínimas a cumprir nas diversas actuacións que se indican, debéndose seguir en todo momento as indicación dos técnicos do Concello de Soutomaior.

2.- ÁMBITO TERRITORIAL.

Os traballos e servizos obxecto do presente prego, realizaranse no concello de Soutomaior.

3.- OBXECTIVOS DO CONTRATO.

Os obxectivos do presente contrato son:

- A consecución da mellor relación calidade / prezo no aluguer de maquinaria e vehículos para tarefas de apoio a diferentes servizos e departamentos municipais, e mantemento e pequenas reparacións en infraestruturas municipais: viais, colexios, edificios municipais, praias, etc.
- A mellora no control do gasto a través de facturación detallada e individualizada por departamento do servizo / mes.

O contrato obrigará ao empresario a executar os servizos de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que a contía total das prestacións, incluídas no obxecto do contrato quede definida ó tempo de asinarse o contrato, ao ser as necesidades variables, definíndose estas con carácter estimado.

4.- PRESTACIÓNS QUE COMPRENDE O CONTRATO.

Cód.	Ud.	Descrición	Previsión
1.1	km	Km de desbroce de vial, de difícil acceso, por un lateral, con moto desbrozadora, e recollida de restos con soplante, incluso barrido e transporte e tratamento de residuos.	35,00
1.2	km	Desbroce mecanizado de vial de fácil acceso, por un lateral, con tractor con brazo desbrozador sen recollida de restos	35,00



2.1	h	Obreiro equipado con ferramentas básicas de obra.	340,00
2.2	h	Obreiro con motoserra de motor de dous tempos con cadea de 60 cm/ cortasetos / desbrozadora de discos incluídos consumos e repostos.	325,00
3.1	h	Retroescavadora-cargadora sobre pneumáticos de tracción total e 78 CV de potencia, con equipo de retro para unha profundidade de escavación máxima de 4.80 m e altura de descarga 3.45 m, con desprazamento lateral, e culler cargadora de 1000 l de capacidade e altura de descarga de 2.65 m, incluídos maquinista e consumos.	150,00
3.2	h	Retroescavadora-cargadora sobre pneumáticos de tracción total e 78 CV de potencia, equipada con martelo rompedor hidráulico incluídos maquinista e consumos.	50,00
3.3	h	Retroescavadora sobre eirugas de 140-167 CV de potencia con culler de 650-1600 litros, para unha profundidade de escavación entre 7.5 e 9.2 metros e altura máxima de descarga 6 m, incluídos maquinista e consumos.	25,00
3.4	h	Retroescavadora de eirugas de 20 a 38 toneladas de peso equipada con martelo rompedor hidráulico de 1800 kg de peso con pica de 1.3 m y 125 mm de diámetro, frecuencia de 500 golpes/min e enerxía de impacto de 400 mkg, incluídos maquinista e consumos.	20,00
3.5	h	Miniescavadora de eirugas de goma de 14 CV, para unha profundidade máxima de escavación de 2 m e unha altura máxima de descarga de 2.5 m, incluídos maquinista e consumos.	75,00
3.6	h	Miniescavadora de eirugas de goma de 14 CV, equipada con martelo rompedor, incluídos maquinista e consumos.	20,00
3.7	h	Minicargadora sobre pneumáticos de 32 CV, con culler de 1.5 m de ancho, para unha altura de descarga de 2.75 m e alcance frontal de 0.56 m, incluídos maquinista e consumos.	50,00
3.8	h	Minicargadora c/varredora de 1,5m, incluídos condutor e consumos.	25,00
3.9	h	Tractor (90/130 CV) con fresa-limpa praias, incluídos maquinista e consumos	60,00
3.10	h	Tractor (90/130 CV) con cuba de 6.000 l, incluídos maquinista e consumos	30,00
3.11	h	Dumper a gasóleo autocargable con culler rixida de 60 l e 150 Kg forza en brazo articulado hidráulico, de capacidade chea 1 m3 e carga útil 1600 Kg, 13.6 CV, e descarga frontal hidráulica, incluído condutor e consumos.	150,00
3.12	h	Carroceta con caixa de 13 m3 de capacidade e 20 Tm de carga máxima, con pluma de 20 m., cesta e pinza, de tres eixes e tracción total, incluído condutor e consumos.	250,00
3.13	h	Rolo vibrador dobre a gasóleo de 8.8 CV de potencia, 700 kg de peso e ancho de traballo 69 cm, de carga unitaria 5.1 kg/cm e vibración dual a 60 Hz incluído maquinista e consumos.	15,00
3.14	h	Máquina de atascos (rato) aspirador impulsor de auga a presión incluídos condutor e consumos.	20,00
3.15	h	Maquina desatascadora de muelles 1100 W 700 U/min Ø 32 mm incluído obreiro e consumos.	20,00
3.16	h	Máquina regadora de asfalto (sen emulsión) con obreiro e consumos.	12,00
3.17	h	Maquina cortadora de asfalto de gasolina, capacidade máxima de disco Ø 450 mm y una profundidade de corte hasta 162 mm, i consumos incluído obreiro e consumos.	12,00
3.18	h	Motoserra para formigón de 6 CV e 40 cm de espada, incluído obreiro e consumos.	12,00
3.19	h	Hidrolimpadora a presión, caudal 500 l/h, potencia absorbida de 2700 W incluído obreiro e consumos.	12,00
4.1	m2	Muro de contención de cachotería ordinaria irregular careada a unha	40,00



		cara de ata 2,5m,tomado con morteiro de cemento M-5 elaborado con cemento CEM II/A-P 32,5R UNE-EN 197-1 e area de río,de 2-3 cm de grosor. Incluído, planeo, nivelación, apromado ,minguas e limpeza, segundo NTE-EFP.	
4.2	m2	Muro de contención de cachotería ordinaria irregular careada a unha cara de 2,5m ata 4m,tomado con morteiro de cemento M-5 elaborado con cemento CEM II/A-P 32,5R UNE-EN 197-1 e area de río,de 2-3 cm de grosor. Incluído, planeo, nivelación, apromado ,minguas e limpeza, segundo NTE-EFP.	40,00
4.3	m3	Formigón de central HM-20, de consistencia plástica e tamaño máximo do árido 40 mm, posto en obra segundo EHE.	15,00
4.4	m3	Formigón de central HM-25, de consistencia plástica e tamaño máximo do árido 40 mm, posto en obra segundo EHE.	15,00
4.5	m3	Pavimento de zorra artificial; clasificada, extendida e perfilada con motoniveladora, compactación por medios mecánicos ao 100% del PM, segundo PG 3.	25,00
4.6	m3	Area para praias, incluído transporte e extendido	25,00

En tódolos casos as prestación que requiran maquinaria inclúen condutor/maquinista e tódolos custes de entretemento, consumos etc.

No estudio económico aparece detallado o desglose de cada prestación, podendo os licitadores ofertar maquinaria de características semellantes, e con nivel de servizo equivalente, sen que sexa necesario a coincidencia total coas características descritas.

As prestacións a realizarse deberán ser de acordo á normativa vixente en cada momento e para cada un dos servizos, e cun nivel de calidade axeitado.

O contratista deberá ter os medios dispoñibles a los menos 12 horas/día de luns a venres e 6 horas/día os sábados, festivos e domingos para un total de 72 horas/semana, que poderá ser aumentado na oferta (Cláusula 15.1 e Anexo II do PCAP). O horario de dispoñibilidade deberá ser informado ao Concello de Soutomaior, así como calquera variación que se produza no mesmo ao longo do contrato.

Os traballos indicados coma moi urxentes polo Responsable do contrato deberán ser realizados coa máxima prioridade polo adxudicatario, sendo necesario o comezo da realización do servizo de xeito inmediato, sempre dentro do horario indicado ao Concello de Soutomaior agás no indicado na cláusula 10 deste prego.

5.- OFERTAS.

Os licitadores nas súas propostas detallarán a base de operacións, sistema de facturación, dispoñibilidade horaria, tempo de resposta etc., respectando, en todo caso o contido dos sobres a que se refire o PCAP.

As empresas nas súas ofertas económicas indicarán a porcentaxe de desconto



sobre o importe unitario base en cada tipo equipo ou prestación. O prezo establecerase con dous decimais.

Nas devanditas ofertas estaría incluído o transporte dos equipos, materiais ou persoal ata o lugar en que teñan que prestar o servizo dentro do termo municipal.

A oferta será a porcentaxe de desconto sobre os importes unitarios base (cláusula 15.1 e Anexo II, PCAP), expresados en % que se indicará con dúas cifras decimais.

En caso de que por parte da empresa adxudicataria se levase a cabo calquera promoción do aluguer da súa maquinaria ou outras prestacións mediante descontos especiais superiores á oferta presentada nesta licitación, aplicarase automaticamente e durante o tempo de esta, o desconto da devandita promoción, sempre que en virtude desta o prezo a aboar resulte inferior ao fixado como consecuencia da presente licitación.

Enténdese que para todos os efectos nas ofertas estarán incluídos todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das prestacións contratadas como son os xenerais, financeiros, seguros, embalaxes, transportes, desprazamentos, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación, de ensaio, taxas, e calquera que puidesen establecerse ou modificarse durante a vixencia do contrato.

6.- DURACIÓN E PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

6.1.- Duración e prazo.

O contrato terá unha vixencia de catro anos, contados a partir do mes seguinte a aquel en que se asine co adxudicatario o contrato administrativo.

O adxudicatario deberá manter o servizo durante un período máximo de seis meses adicionais á data de finalización do contrato, nas mesmas condicións que durante a vixencia deste, se o Concello de Soutomaior o considera oportuno, mentres se realizan os trámites para a adxudicación dun novo contrato.

7.- MEDIOS PERSOAIS E TÉCNICOS.

Os medios tanto materiais como persoais para a prestación do servizo deberán estar dispoñibles na súa totalidade nun prazo inicial de 10 días a contar dende a formalización do contrato.

7.1.- Persoal.



O adxudicatario levará a cabo os servizos en todo momento co persoal suficiente e axeitado. O devandito persoal contará coa formación e carnés, obxectivamente, esixibles para permitir o normal desenvolvemento dos servizos que deba prestar, e deberá ir debidamente uniformado e identificado. O uniforme do persoal que realice os servizos deberá ser aprobado polo Concello de Soutomaioir.

7.2.- Medios técnicos.

Os equipos ofertados adaptaranse aos servizos a prestar. Deberase dispor en todo momento dos medios necesarios para cubrir todos os servizos e, en caso de reparación ou mantemento, informar ao Concello de Soutomaioir da situación, e, en caso de que a maquinaria fose requirida para a realización dalgún servizo, dispor de maquinaria alternativa con nivel de servizo e características equivalentes para comezar a realización do servizo solicitado nun prazo máximo de 12 horas dende a petición.

8.- FORMA DE PAGAMENTO.

A forma de pagamento será mensual e efectuarase do seguinte xeito: Emitiranse facturas mensuais analizadas por cada Servizo ou departamento de acordo coa relación e albarás individualizadas que o Concello de Soutomaioir lle facilite ao adxudicatario.

Cada factura virá acompañada dun albará no que conste de forma detallada e individualizada a seguinte información:

- Punto de actuación.
- Descrición traballos realizados.
- Data e horas de comezo e finalización do servizo.
- Nº de albarán.
- Matrícula e tipoloxía do vehículo ou equipo, no seu caso.
- Sinatura e identificación do responsable municipal, que solicitan a prestación.

9.- PENALIDADES POR EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA

9.1.- Obrigas do adxudicatario.

O contratista está obrigado ao cumprimento do contrato, con estrita suxeición aos pregos de condicións, á oferta presentada e ás ordes que na súa interpretación puidese darlle o Concello para mellorar a prestación do servizo.



Os incumprimentos do citado contrato polo adxudicatario cualificaranse en leves, graves e moi graves; e estivesense dentro das competencias administrativas serán penalizados nas contías que se establezan no presente apartado.

A imposición de penalidades por incumprimento será independente en tramitación e aplicación ás de deducións que o Concello acordará realizar mensualmente nas certificacións por causas de non prestación ou prestación deficiente dos servizos.

9.2.- Incumprimentos leves.

Consideraranse incumprimentos leves as seguintes eventualidades:

- Falta de uniformidade dos empregados, non repetitiva, sempre que non se trate de garantías ou equipos de seguridade.
- Atraso en máis de tres horas no inicio dalgún traballo, sen que iso teña consecuencias negativas.
- Falta de meticulosidade na limpeza do entorno.
- Trato incorrecto do persoal do contratista con respecto aos traballadores municipais ou cidadáns.
- Atraso dunha semana, a partir do prazo inicial de dez días, na posta en servizo dos medios ofertados pola empresa.
- Indisponibilidade de medios ofertados pola empresa por un prazo dun día, salvo causas de avarías, reparacións ou mantemento, nos que se estará ao disposto neste prego para estas circunstancias.
- Causar danos leves nas instalacións dos edificios ou bens municipais.

9.3.- Sanciones por incumprimentos leves.

A sanción será imposta pola Alcaldía por proposta do concelleiro delegado da area e tras informe técnico.

Segundo o grao de intencionalidade, descoído ou reiteración, poderá aplicarse dende amoestación por escrito ata un importe de 300,00 €.

9.4.- Incumprimentos graves.

- Incumprimento habitual das instrucións ditadas polo responsable do contrato, a non adscrición do contrato dos medios materiais e humanos ofertados ou necesarios para unha correcta prestación do servizo e/ou o mal estado de conservación destes incluído o emprego de medios materiais e humanos en cantidade ou calidade inferior ao ofertado.



- A falta de dilixencia á hora de cumprir as normas establecidas, especialmente limpeza do entorno dos equipos e/ou sinalización, ou nos tempos de espera.
- A non acometida inmediata dos traballos cualificados polo responsable do contrato de moi urxentes.
- Realización dunha execución moi deficiente.
- A información maliciosa ou incerta dos servizos executados.
- Falta de uniformidade dos empregados que se repita por 3 ou máis veces no período de 1 mes, sempre que non teña consecuencias negativas, en caso de que se trate de garantías de seguridade, considerárase grave unha soa falta.
- O uso non autorizado ou indebido do persoal do contratista de locais, instalacións vehículos, equipos, mobiliario, instrumentos, medios técnicos, de telefonía, etc., municipais.
- A realización de danos inxustificados nos bens públicos ou privados
- A modificación do servizo sen autorización expresa do Concello.
- Atraso dunha semana e menos de dous na presentación da documentación requirida cando sexa solicitada polo Concello.
- A mala calidade persistente nos traballos.
- Causar prexuízos innecesarios aos cidadáns.
- O incumprimento das prescricións do prego ou das instrucións recibidas pola Concellaría delegada e da súa orde polos servizos do Concello.
- Atraso de dúas semanas, a partir do prazo inicial de 10 días, na posta en servizo dos medios ofertados pola empresa.
- Indisponibilidade de medios ofertados pola empresa por un prazo de tres días ou máis, salvo causas de avarías, reparacións ou mantemento, nos que estarase ao disposto neste prego para estas circunstancias.
- O incumprimento reiterado dos horarios de prestación do servizo.
- A falta de respecto aos traballadores municipais e ao público en xeral.
- A non prestación do asesoramento preciso para o correcto desenvolvemento do traballo.

9.5.- Sanciones por incumprimentos graves.

Segundo o grao de intencionalidade, descoído, ou reiteración, os incumprimentos graves serán sancionados pola Alcaldía por proposta do concelleiro delegado da area, e en contía variable dende 301,00 euros ata 1.000,00 euros.

9.6.- Incumprimentos moi graves.

- A comisión de tres incumprimentos graves nun período de seis meses.
- A discriminación na prestación do servizo por razón de raza, sexo, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal
- A contratación de persoal que incumpra as determinacións do Prego.



- Reiteración de faltas graves.
- Falseamento dos traballos realizados.
- Executar os traballos sen as debidas condicións de seguridade.
- Non ter en vigor o seguro de responsabilidade.

9.7.- Sancións por incumprimentos moi graves.

Segundo o grao de intencionalidade, descoído, ou reiteración, os incumprimentos moi graves serán sancionados pola Alcaldía por proposta do concelleiro delegado da area, en contía variable dende 1.000 € ata 3.000,00 €.

10.- ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DO SERVIZO.

O control, supervisión e seguimento dos traballos obxecto do servizo realizaranse polo técnico que o concello de Soutomaior designe para tal fin.

Para o desempeño da súa función, poderá contar con colaboradores ás súas ordes, que desenvolverán a súa labor en base as atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos.

O Contratista deberá dispor dos medios de balizamento e adoptar as medidas de seguridade que fosen necesarias, tanto diúrnas como nocturnas, sendo da súa conta os custos que de elo se deriven, tanto de instalación como de mantemento. O balizamento e medidas de seguridade dos traballos estarán operativas o 100 % do tempo en que fose preciso, sendo responsabilidade do adxudicatario as medidas que houber de adoptar para lograr tales fins.

A execución dos traballos se realizará na xornada laboral ordinaria establecida, excepto en aqueles casos que pola súa importancia sexa necesario prolongar a xornada para finalizar dito traballo.

O adxudicatario está obrigado a dispor e colocar o número suficiente de sinais de circulación e protección necesarias para evitar calquera accidente de maquinaria, vehículos, persoal das obras ou traballos, ou alleos a elas, e que as circunstancias esixan ou a dirección dos traballos dispoña, sendo en todo caso responsable o adxudicatario dos accidentes que poidan suceder por incumprimento de esta prescrición. Por elo deberán cumprir as disposicións vixentes, referentes a sinalización e precaucións e prevencións.

O importe dos gastos de sinalizacións, proteccións e outros de calquera índole necesarios para o desenvolvemento dos traballos se considerará incluído nos prezos ofertados.



11.- TÉCNICO REPRESENTANTE DO CONTRATISTA.

O adxudicatario designará unha persoa competente que asuma a Dirección dos traballos ao seu cargo e que actúe como representante da empresa ante a Administración durante a execución do contrato. A persoa designada debera ademais ser aprobada polo concello de Soutomaior.

Deberá ter capacidade suficiente para:

- Ostentar a representación do adxudicatario cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza en calquera acto derivado do cumprimento das abrigas contractuais, sempre en orde á execución e boa marcha do obxecto do contrato.
- Organizar a execución das actividades a realizar e interpretar e poñer en práctica as ordes recibidas do técnico asignado.
- Propoñer ao técnico asignado, asesorar e colaborar con el na resolución dos problemas que se formulen durante a duración do contrato.

O adxudicatario será responsable directo dos distintos traballos, así como dos danos a terceiros que se produzan durante a execución dos mesmos.

12.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

Nas operacións e dos demais traballos obxecto do contrato, deberá observar por tódolos operarios e persoal adscrito á empresa adxudicataria, as medidas necesarias na materia de Riscos Laborais, e as correspondentes á circulación viaria, en evitación de posibles accidentes, tanto para os operarios como para os usuarios da vía pública.

O adxudicatario cumprirá coa regulamentación vixente en materia de Seguridade e Saúde no Traballo, en tódalas tarefas que se lle encomenden. O incumprimento total ou parcial das citadas normas podarán ser motivo de sanción.

O adxudicatario estará obrigado a dotar a todo o persoal adscrito a súa empresa que preste os seus servizos para a execución do presente contrato, de tódolos elementos e medios de hixiene e seguridade no traballo, en prevención de accidentes e/ou enfermidades profesionais (cintos de seguridade, cascots protectores, etc.), que esixan as disposicións vixentes na materia, debendo tomar as medias necesarias para conseguir que ditos elementos sexan utilizados polo



persoal.

Todo o persoal que traballe en vías públicas, deberá ir equipado con chalecos ou bandoleiras con material reflectante.

13.- EQUIPOS E PERSOAL.

Para a prestación do servizo, o adxudicatario achegará o persoal necesario da súa propia plantilla. Unha vez finalizado o contrato, o adxudicatario deberá facerse cargo do seu persoal, non existindo obriga por parte do concello de Soutomaíor de contratar este persoal.

A maquinaria e calquera outro material, ferramenta, equipo, etc., utilizados na prestación do servizo deberán estar en perfectas condicións de funcionamento, e ter pasadas as correspondentes inspeccións obrigatorias, podendo en calquera momento ós representantes do concello de Soutomaíor requirir a presentación de tal documentación.

O contratista disporá en todo momento da auga necesaria para realizar os servizos dende o punto de captación que sexa indicado polos Servizos Técnicos Municipais e adaptará os seus equipos de captación para que así sexa.

14.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista deberá concertar ou acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubra todas as súas posibles responsabilidades ante a Administración derivadas da execución do contrato. Así mesmo tal seguro de responsabilidade civil ten que cubrir os posibles danos nos bens públicos que se ocupen ou que se utilicen.

Será necesario por iso que concerte un contrato de seguro de responsabilidade civil xeral por riscos profesionais que inclúa os citados no parágrafo anterior, na que o capital asegurado non sexa inferior ao valor estimado do contrato, que cubra as posibles indemnizacións a terceiros de acordo co Art. 196 da LCSP, póliza que deberá manter vixente durante a execución do contrato, sen prexuízo da responsabilidade legal que pode ter o contratista.



O contratista deberá presentar á sinatura do contrato copia da póliza do seguro conforme aos requisitos mencionados anteriormente e do documento que acredite que esta se atopa ao corrente de pagamento e por conseguinte en vigor. Entenderase que a presentación do recibo orixinal da anualidade en curso presupón o pagamento da prima correspondente.

Ao finalizar o servizo deberá acreditar que a póliza ten vixencia durante o prazo de garantía establecido e que a prima correspondente a esta, se atopa totalmente satisfeita.

En todo caso, a cobertura da dita póliza non determina o límite da responsabilidade que ha de asumir o contratista, senón que esta alcanza todos os danos e perdas en que se cifre a devandita responsabilidade.

Nesta póliza deben figurar expresamente como asegurados os danos e perdas que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución dos servizos, imputables tanto ao adxudicatario coma ao persoal do ente contratante ou da administración do Concello de Soutomaior con intervención no contrato.

Entenderase cumprida este deber mediante a extensión ao persoal funcionario ou laboral citado que interveña na execución do contrato, da póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais que teña a empresa, sempre que o capital asegurado sexa igual ou superior ao anteriormente citado, para o cal o adxudicatario presentará certificación expedida por persoal con poder bastante da compañía aseguradora correspondente.

O adxudicatario comprometerase a manter a póliza de seguro nas condicións descritas, dende a sinatura do contrato ata a finalización do período de garantía establecido neste prego.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DILIXENCIA: O presente Prego de Cláusulas Técnicas consta de 13 páxinas e foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/09/2024.

A SECRETARIA

Asdo.: María Jesús Rodríguez Freire

